

CONVOCATORIA DE PRAZAS DE ALOXAMENTO NO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS DA USC, 2025-2026

A Universidade de Santiago de Compostela abre o prazo de solicitude para a convocatoria de prazas de aloxamento do Servizo Universitario de Residencias (SUR) para o curso 2025-2026, repartidas nos seguintes sectores e grupos:

Sectores	Total Prazas (grupos I e II)
Estudantes de Grao	856
Estudantes de Máster Universitario Oficial	30
Estudantes de Programas de Doutoramento e Investigadores en Formación	21
Estudantes de cursos de Posgrao Propio	5
Membros da comunidade universitaria con necesidades educativas específicas derivadas dunha condición de discapacidade	48
TOTAL	960

DOTACIÓN:

- Cotas e prezos: serán os establecidos en función da Renda Persoal Dispoñible calculada segundo a puntuación económica publicada nas [Bases da convocatoria ordinaria de prazas de aloxamento do SUR aprobadas polo Consello de Goberno o 30 de abril de 2021 e modificadas o 30 de marzo de 2023](#) (para a asignación das prazas terase en conta a puntuación académica e económica dos/as solicitantes segundo o baremo establecido nas citadas bases)
- Estas axudas son incompatibles con outras coa mesma finalidade. As persoas que teñan concedido o compoñente de residencia da bolsa xeral do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deporte (MEFPD), deberán aboar a cota F. Se desexan manter a cota subvencionada pola USC, deberán renunciar ao compoñente de residencia da bolsa do MEFPD.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: a través do **formulario web** dispoñible en <https://www.usc.gal/es/servicios/area/residencias/acceso-servicio-universitario-residencias/convocatoria-ordinaria-plazas-alojamiento> **ata o 26 de xuño de 2025 ás 14.00 h.**

- Presentarase unha única solicitude por persoa (agás no caso de solicitar praza en varios sectores ou nos dous campus: un formulario para Santiago e un formulario para Lugo)
- O estudantado de nova admisión poderán solicitar a praza para o grupo I e o grupo II marcando as 2 opcións no mesmo formulario.
- As solicitantes de readmisión sen cambios nos membros da unidade familiar non teñen que achegar documentación. O resto dos/as solicitantes deberán achegar, ademais do formulario de solicitude asinado por todos os membros da unidade familiar, a documentación que corresponda segundo o indicado no punto 6 das [Bases da convocatoria](#).

CALENDARIO:

- Publicación das **listas provisionais: 22 xullo**
- Prazo de enmenda das solicitudes: ata o 28 de xullo
- Publicación das **listas definitivas: 31 de xullo**
- Confirmación de permanencia na lista de agarda: ata o 3 de agosto
- **Reserva de praza adxudicada** (pagamento da fianza): **do 31 de xullo ao 3 de agosto**
- Movementos da lista de agarda:
 - 1º movemento: 5 de agosto - 2º movemento: 7 de agosto - 3º movemento: 11 de agosto - 4º movemento: 14 de agosto - 5º movemento: 18 de agosto - 6º movemento: 20 de agosto

MÁIS INFORMACIÓN

Universidade de Santiago de Compostela. Servizo Universitario de Residencias (SUR)
Pavillón de Estudantes, 1º andar - Campus Vida (15782 - Santiago de Compostela)
Tel.: 881 814 525 / 881 814 560 / 881 815 246
Correo-e: sur@usc.es
www.usc.gal/es/servicios/area/residencias/acceso-servicio-universitario-residencias